

LIMPEZA E DROGARÍA

Vinagre, limón, bicarbonato, plantas aromáticas ...

Substitúen a produtos caros, insáns e contaminantes.

Segue estes consellos:

1. Emprega lavados de ciclo curto, en auga fría e coa lavadora chea; aforrarás tempo, auga e enerxía.
2. Emprega deterxentes pouco agresivos. Liñas ecolóxicas, con poucos tensioactivos.
3. Usa receitas naturais. O bicarbonato, por exemplo, elimina os cheiros na neveira.
4. O limón axuda coma tiragraxas e mesturado con aceite de oliva é un gran abrillantador de mobles de madeira.
5. As plantas aromáticas ambientan e repelen os insectos.

Para saber máis:
Colección “Los hábitos saludables sostenibles”. Caja España 2001.

Enerxía e transporte.
www.inega.es

Residuos:
www.redcicla.com

Ecoloxía:
www.federacionecoloxista.org

Consumo sostible:
www.vidasostenible.com



 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**REDE EUROPEA
DE
EDUCACIÓN
DO
CONSUMIDOR**


**FOGARES
SOSTIBLES**



FOGARES SOSTIBLES

A través de pequenos xestos cotiás poderemos converter o noso fogar nun fogar sostible; no que prime ante todo o aforro enerxético, a utilización de produtos que protexan o medioambiente e o aforro de auga.

**NON É DIFÍCIL
TÉNTAO**




ELECTRICIDADE

Sabías que ...

O consumo eléctrico anual dun fogar supón emitir 2 Tm de CO₂ á atmosfera.

Para minimizar isto debes seguir estes consellos

1. Apaga as luces cando saias das habitacións e queden baleiras
2. Aira a casa coa calefacción apagada.
3. Aproveita ó máximo a iluminación natural
4. Pasa o ferro á maior cantidade de roupa de cada vez
5. Non abuses da calefacción. Polo día procura que non supere os 20 graos e pola noite apaga.
6. Situa o frigorífico nun lugar ventilado, e non o abras con moita frecuencia.
7. Evita o consumo en espera (o piloto vermello acendido) dos aparellos apagándoo no botón e non co mando a distancia.
8. Emprega electrodomésticos eficientes clase A.
9. Cambia as bombillas da casa por bombillas de baixo consumo.



AUGA

Sabías que ...

Só o 3 % da auga da Terra é doce, e menos do 1 % é accesible para o ser humano.

Segue estes consellos e aforrarás no teu impacto no consumo de auga.

1. Utiliza electrodomésticos eficientes, aforrarás 12.000 l. de auga ó ano.
2. Non tires o aceite de comer polo sumidoiro. 1 l. de aceite contamina 100.000 l de auga.
3. Dúchate en non te bañes. Aforrarás 150 l. de auga de media por cada baño.
4. Cando laves o coche, emprega as cabinas automáticas, aforrarás un 80 % de auga en cada lavado.
5. Procura que as billas non goten. unha gota por segundo supón 30 l. de auga ó día.
6. Emprega cisternas de baixo consumo ou mete unha botella chea de auga dentro para diminuir a súa capacidade; aforrarás un 50 % de auga en cada descarga.
7. Pecha a billa mentras te lavas os dentes; aforrarás 12 l. de auga por minuto.

